



NYELENI 2011
EUROPEAN FOOD SOVEREIGNTY FORUM

POLA SOBERANÍA ALIMENTARIA EN EUROPA XA!

**Nyeléni Europa 2011, primeiro Foro Europeo para a Soberanía Alimentaria
Krems, 21 de agosto de 2011**

Europa está experimentando os primeiros axustes estruturais que os gobernos europeos están impoñendo á súa poboación, e que até agora foran implementados noutras rexións do Sur, co único interese de salvar ao capitalismo e aos seus grandes beneficiarios (a banca privada, os grupos investidores, e as grandes corporacións). E todo fai pensar que nos próximos meses estas políticas antisociais se van endurecer e estender. Xa temos aquí, tamén, as primeiras mobilizacións xerais para advertir e denunciar os sistemas económicos e de goberno que nos conduciron a este escenario. E entre os diferentes espazos de resistencia e transformación, preséntase de xeito creativo e enérxico, a resposta dos movementos sociais europeos preocupados por un modelo de agricultura global que é reflexo exacto do modelo capitalista que o dirixe.

O sistema alimentario estase reducindo a pasos axigantados a un modelo de agricultura industrializada controlado por unhas poucas empresas transnacionais da alimentación e un pequeno grupo de grandes superficies de distribución. Un modelo deseñado para obter beneficios, e completamente oposto á súa obriga: en lugar de centrarse na produción de alimentos sans e bos para os pobos, dedícase aos monocultivos de agrocarburos, pensos para animais ou plantíos papeiros. Así temos que provocou, por unha banda, unha masiva desaparición de explotacións agrarias e das persoas que con elas tiñan o seu medio de vida, e por outra, a promoción dunha dieta alimenticia danosa para a saúde e con escasa presenza de froitas, vexetais e cereais.

Este modelo industrial de produción é dependente das enerxías fósiles finitas; non reconece a limitación dos recursos como a auga e a terra; é responsable de drásticas perdas na biodiversidade e na fertilidade da terra; contribúe ao cambio climático; somete a miles de persoas a traballos sen o recoñecemento dos dereitos máis elementais e leva canda si un empeoramento das condicións laborais de labregos e labregas, e de traballadores e traballadoras. Ao mesmo tempo, afástase dunha relación harmoniosa coa natureza. Explotar e tratar a terra deste xeito é a causa fundamental da pobreza rural do planeta e da fame de máis de mil millóns de seres humanos (como estamos percibindo estes días coa crise alimentaria do Corno de África) mentres que se crea un superavit de algo semellante a alimentos que nunha elevada cantidade rematan desperdiciándose ou ben se exportan subvencionados a mercados dentro e fóra de Europa competindo brutalmente coas producións locais.

Sabemos con claridade que esta situación é o resultado das políticas agrarias, alimentarias, financeiras, enerxéticas e de comercio que os nosos gobernos estatais, a Unión Europea (especialmente a través da Política Agraria Común), as institucións financeiras e as grandes corporacións viñeron impoñendo. Como por exemplo as políticas de desregulamento e liberalización de mercados agrarios ou a especulación que se fai con estas materias primas responsable da alza de prezos dos alimentos básicos.

O cambio na dirección destes sistema alimentario disfuncional só será posible a través dunha completa reorientación das políticas e prácticas agrícolas e alimentarias. É vital e urxente que

logremos redeseñar o sistema alimentario baseado nos principios da soberanía alimentaria, particularmente en Europa.

Por todo isto, e como alternativa, máis de 400 persoas de 34 estados, dende o océano Atlántico até os Urais e o Cáucaso, dende o Ártico até o Mediterráneo, así como representantes internacionais chegados dos diversos movementos sociais e de organizacións da sociedade civil, reunímonos entre o 16 e o 21 de agosto de 2011 en Krems, Austria, para dar un paso adiante na construción do movemento europeo pola soberanía alimentaria, construído sobre os alicerces da Declaración de Nyéléni, do Foro pola Soberanía Alimentaria, celebrado en Mali en 2007. O foro en Mali reafirmou o marco de traballo internacional para a soberanía alimentaria -o dereito dos pobos a definir democraticamente os seus propios sistemas agrícolas e alimentarios, sen pór en risco ás persoas ou ao medio ambiente-.

Existen numerosas experiencias e prácticas que se están a levar a cabo aquí e agora, nos ámbitos locais, rexionais e europeos, baseadas na soberanía alimentaria, e que demostran de que xeito poden ser aplicadas.

Compartimos valores baseados no respecto aos dereitos humanos. Queremos o libre movemento das persoas e non a libre circulación do capital e as mercadorías, que contribúen á destrución dos medios de vida e forza á xente a emigrar. O noso propósito é a cooperación e a solidariedade en contraposición á competencia. Comprometémonos a reclamar a nosa democracia: todas as persoas deben ter a oportunidade de involucrarse en calquera tema de interese público así como no proceso de elaboración das políticas, decidindo de xeito colectivo como organizar os nosos sistemas alimentarios. Isto require a construción de sistemas e procesos democráticos, libres de violencia, da influencia das corporacións, e baseadas na igualdade dos dereitos e na igualdade de xénero, que conducirán á abolición do patriarcado.

Moitos e moitas de nós somos xente moza que representamos o futuro da nosa sociedade e das nosas loitas. Asegurarémonos de que a nosa enerxía e creatividade reforce o noso movemento a través da participación no abastecemento de alimentos e o poder integrarnos nas estruturas e nos espazos de decisión.

Estamos convencidos e convencidas de que a soberanía alimentaria non é só un primeiro paso cara a unha mudanza nos nosos sistemas agrícolas e alimentarios, senón que tamén é un paso cara a unha mudanza máis ampla dentro das nosas sociedades. Estamos comprometidos e comprometidas a loitar para:

Mudar o xeito en que se producen e consúmen os alimentos.

Estamos a traballar por uns sistemas de produción alimentaria que produzan alimentos seguros e saudables para todas as persoas en Europa, ao tempo que manteñan a biodiversidade e os recursos naturais e aseguren o benestar dos animais. Isto require modelos ecolóxicos de produción e pesca, e que haxa unha grande cantidade de labregos e labregas, persoas que cultivan hortas urbanas e pescadores e pescadoras artesanais que produzan alimentos locais como base do sistema alimentario. Loitamos contra o emprego de transxénicos e plantamos e recuperamos variedades de sementes e de razas gandeiras non modificadas xeneticamente. Promovemos formas sostibles e diversas de culturas alimentarias, en particular o consumo de alimentos locais, de alta calidade e de tempada, e non os produtos da grande industria. Isto inclúe un menor consumo de carne e produtos animais, que só deberán ser producidos localmente sen a utilización de pensos transxénicos. Comprometémonos a recuperar e promover as habilidades culinarias e o coñecemento sobre o procesamento de alimentos a través da formación e o intercambio de coñecementos.

Mudar os xeitos en que se distribúen os alimentos.

Traballamos pola relocalización da distribución alimentaria, promovendo mercados locais diversificados baseados na solidariedade e en prezos xustos, e en acurtar as canles de distribución, intensificando as relacións entre persoas produtoras e a cidadanía, en redes locais alimentarias para afrontar a expansión e o poder das grandes superficies de distribución. Queremos posibilitar que a xente poida construír os seus propios sistemas de distribución de alimentos e permitir a labregos e labregas producir e procesar alimentos para as súas propias comunidades. Para isto, requirense normas sanitarias e infraestruturas locais alimentarias que apoien aos pequenos produtores e ás pequenas produtoras. Tamén traballamos para asegurar que os alimentos que produzamos cheguen ao conxunto da sociedade, incluíndo ás persoas con poucos ou ningún ingreso.

Pór en valor e mellorar as condicións sociais e o traballo no sistema agrario alimentario.

Loitamos contra a explotación e a degradación das condicións sociais e laborais e polos dereitos de todas as mulleres e homes que proporcionan alimentos, así como os traballadores e traballadoras emigrantes e temporais, e aquelas persoas que traballan no procesado, distribución e venda. Traballamos por políticas públicas que respecten os dereitos sociais e establezan altos estándares que condicionen a implementación dos fondos públicos. Isto significa a inclusión de ingresos decentes que permitan un sustento. Queremos construír alianzas máis amplas entre as persoas que traballan dentro do sistema alimentario.

Reclamar o dereito aos nosos bens comúns.

Opoñémonos e loitamos contra a mercantilización, o financiamento e as patentes dos nosos bens comúns como a terra, as sementes tradicionais e reproducibles de labregos e labregas, as razas de gando e bancos pesqueiros, as árbores e os bosques, a auga, a atmosfera e o coñecemento. O acceso a estes bens non debe estar determinado polos mercados ou polo capital. Á hora de utilizar estes bens comúns debemos garantir o respecto dos dereitos humanos, a igualdade de xénero, o beneficio do conxunto da sociedade e o respecto dos dereitos da nai terra. Os nosos bens comúns deben ser manexados a través da xestión colectiva, democrática e do control da cidadanía.

Mudar as políticas públicas de goberno do noso sistema agrario e alimentario.

Loitamos para mudar as políticas públicas que gobernan o noso sistema alimentario a nivel local, nacional, estatal, europeo e global, e para deslaxitar o poder corporativo. As políticas públicas deben ser coherentes, complementarias e deben promover sistemas alimentarios e culturas alimentarias baseadas na materialización do dereito á alimentación; deben erradicar a fame e a pobreza; asegurar a realización das necesidades básicas dos seres humanos e contribuír á xustiza climática en Europa e a nivel global. Precisamos marcos legais que garantan prezos xustos e estables para as persoas produtoras de alimentos, que promovan prácticas agroecolóxicas, que permitan incluír os custos externos nos prezos e que implementen a reforma agraria. Estas políticas deben ter como resultado un incremento do número de labregas e labregos en Europa. As políticas públicas deben ser deseñadas coa axuda de investigación financiada publicamente que responda ás demandas sociais para conseguir os obxectivos devanditos. Deben asegurar que se prohiba a especulación alimentaria e que non se poñan en risco os sistemas e culturas alimentarias locais e rexionais, a través do dumping ou o acaparamento de terras en Europa, particularmente en Europa do Leste e no Sur global. Traballamos por novas políticas agrícolas, alimentarias, enerxéticas, de sementes, e comerciais pola soberanía alimentaria en Europa, que teñan eco a nivel internacional. De xeito particular, estas deben incluír: unha política agrícola e alimentaria diferente, a eliminación da directiva europea sobre os agrocaburantes, e un goberno global do comercio agrícola e internacional localizado na FAO e non na OMC.

Facemos un chamamento á poboación e aos movementos sociais en Europa para que nos comprometamos xuntos e xuntas nas nosas loitas para tomar o control dos nosos sistemas alimentarios e para construír o movemento pola soberanía alimentaria en Europa XA!